

Centros de Fabricación Avanzada

Guía do Plan Económico e Cálculo da Subvención

[DESCARGAR AQUÍ A FOLLA EXCEL Á QUE SE REFIRE ESTA GUIA](#)

Control de cambios:

Versión 1.0 (8/1/2020): versión inicial

Versión 1.1 (2/3/2020): actualización con aclaracións (a versión 1.0 segue sendo válida para a presentación da axuda, se ben se recomenda utilizar esta).

- **Corrección de erratas.**
- **Folla excel: desglose no apartado**
- **Apartado 1.VI: desglose da participación no capital social vs participación no proxecto (afecta á folla excel a estas instrucións).**

Este documento explica como cubrir o “Plan económico e cálculo da subvención” (tamén denominado Plan de viabilidade a 10 anos), que debe formar parte da solicitude de axudas ao investimento para infraestruturas locais (Programa Centros de Fabricación Avanzada), cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.

O plan debe cubrirse sobre a folla de cálculo, e ten dous obxectivos inmediatos: determinar o importe da subvención e dispor dunha previsión realista do beneficio de explotación a efectos das bases reguladoras.

Téñase en conta que, segundo o artigo 18 das bases reguladoras, o incumprimento grave deste plan de negocio levará á perda total do dereito ao cobramento da axuda concedida, sen prexuízo da incoación do oportuno expediente sancionador.

Segundo o artigo 6 das bases reguladoras, o importe da axuda calcularase como a diferenza entre os investimentos subvencionables e o beneficio de explotación ao longo do período de 10 anos desde a posta en marcha da infraestrutura.

Entenderase como “**beneficio de explotación**” para os efectos destas axudas a diferenza entre os ingresos actualizados e os custos de explotación actualizados mentres dure o investimento de que se trate. Para o cálculo utilizarase unha taxa de desconto do 4%. Se esta diferenza é negativa, o “beneficio de explotación” será nulo.

Entenderase como “custos de explotación” para os efectos destas axudas os custos de persoal, materiais, servizos contratados, comunicacións, enerxía, mantemento, alugueres ou

administración, excluindo os gastos de amortización e os custos de financiamento se se cubriron mediante axudas ao investimento (incluída, pero non limitada á presente axuda). En particular, serán considerados custos de explotación:

- a) O importe dos seguros que se establecen como obrigatorios no artigo 15.b) das bases.
- b) A amortización correspondente a substitución do investimento subvencionable debido á obsolescencia ou avaría.
- c) A amortización correspondente ao reforzo e mellora da infraestrutura, sempre que non se financie mediante axudas ao investimento.

Se o período de amortización da infraestrutura fose superior aos 10 anos, o valor residual dos activos subvencionados deberá terse en conta para o cálculo do beneficio de explotación, mediante o cálculo do valor neto actual dos fluxos de efectivo nos anos de vida útil restantes do investimento.

A folla de cálculo que se proporciona é indicativa e ofrécese para apoiar á presentación e uniformizar os diversos proxectos. Tenta cubrir os casos máis habituais, pero pode ser modificada para dar cabida a especificidades. As modificacións realizadas, así como calquera información que sirva para entender mellor o modelo debe ser incluída na memoria técnica (no apartado oitavo “Explicación do plan económico e cálculo da subvención”). Cando nestas instrucións se indique que algo se debe reflexar “na memoria”, débese incluír neste apartado oitavo.

En xeral:

- O solicitante deberá cubrir os diversos apartados preferiblemente de acordo á orde desta guía.
- As celas que aparecen sombreadas calculan magnitudes sobre outras celas, ou conteñen valores predeterminados que non deben cubrirse.
- Os datos consígnanse ata o ano 2032, período que inclúe o prazo de execución dos proxectos (límite 30 de abril de 2022) e un período de 10 anos para a explotación, amortización e reposición de activos (límite 31 de decembro de 2032). Pode reducirse ou ampliarse para axustarse a este prazo de 10 anos desde o arranque da infraestrutura.
- Computaranse sempre os datos en signo positivo, salvo nas celas nas que se indique o contrario.
- Os datos de exemplo deben eliminarse antes de comezar a utilizar a folla de cálculo.
- No caso de modificar a estrutura da folla, deben asegurarse de que as fórmulas seguen calculando datos coherentes.

Para calquera dúbida pode contactar con nós en igape-competitividade@igape.es

Lembre que debe presentar dous documentos: “Memoria do proxecto” segundo o modelo previsto polo IGAPE e “Plan Económico e Calculo da Subvención” en formato de folla de cálculo.

A continuación explícase cada unha das seccións da folla de cálculo.

1. PLAN DE INVERTEMENTO

I. Cadro resumo

Os importes deste cadro calcularanse automaticamente a partir dos datos consignados nos seguintes apartados desta pestana. Unicamente deberá cubrir a data de posta en marcha da infraestrutura, en formado DIA/MES/ANO.

O resto de campos son informativos, e establécese o control básico de que a contribución financeira mínima da sociedade sexa do 20% dos custos subvencionables.

II. Activos

Neste apartado o solicitante deberá cubrir o plan de investimento global da infraestrutura, detallando todos e cada un dos activos, en liñas independentes, que compoñerán a mesma, independentemente de que sexan ou non obxecto da presente axuda.

Para cada un dos activos detallados deberán achegarse os seguintes datos:

- Descrición do activo. Na memoria deberá aparecer as súas principais características e xustificación da súa necesidade para a infraestrutura.
- Tipo de activo: é un enumerado sobre a lista que aparece na folla de hipóteses e supostos. Os valores correspóndense cos posibles investimentos subvencionables (que poden selo parcialmente) e existe un último valor "Outros activos" particular para reflexar investimento non subvencionable.
- Distribución do importe do activo (€). O importe do activo deberá distribuírse de acordo a 3 epígrafes, cuxa suma se calculará no campo "Importe do activo (€)". O máis habitual será que só unha das columnas estea cuberta para cada activo, pero poden darse casos particulares:
 - o Importe subvencionable por esta axuda, que pode estar suxeita a límites e/ou ao cumprimento de determinados requisitos.
 - o Importes que, sen entrar nesta axuda, espéranse financiar mediante outras axudas ao investimento, e que polo tanto a súa amortización non pode ser computada nos custos de explotación.
 - o Importes para os que non se vai a solicitar ningunha axuda ao investimento.

III. Distribución anual do investimento

Para cada un dos activos detallados no cadro II. Activos e para os que solicita esta axuda, o solicitante deberá indicar en euros a distribución do investimento no mesmo ao longo do período 2020-30 abril 2022. A celda G91 do modelo comproba a coherencia co cadro anterior.

Estes datos utilizaranse para a programación por anualidades do orzamento da axuda.

IV. Cadro de amortizacións

O modelo prevé catro tipos de amortizacións:

1. A amortización dos bens incluídos na subvención (na fracción incluída como subvencionable no caso de que sexa só parte subvencionable). Desglosados no cadro IV.1.
2. A amortización de bens incluídos na subvención, para os que se fai reposición de activos. Última fila do cadro IV.1
3. A amortización de bens que se incluírán en outras axudas ao investimento. Cadro IV.2, sen desglosar.
4. A amortización de bens para os que non se recibirán outras axudas ao investimento. Cadro IV.2, sen desglosar.

É importante distinguir correctamente cada unha de elas, xa que as de tipo 1 e 3 non se poden computar como parte dos custes de explotación a efectos da axuda (e así o fai o modelo), mentres que as 2 e 4 si son computables a efectos da axuda.

Para calcular as amortizacións débense ter en conta os coeficientes legais establecidos pola normativa contable segundo cada tipo de investimento. **Téñase en conta que o exemplo proposto contén cifras de exemplo que non teñen en conta estes límites.**

Na memoria deben incluírse os criterios de amortización utilizados.

IV.1. Distribución anual da amortización dos activos para os que se solicita a axuda e a súa reposición (€)

Neste cadro o solicitante detallará, para cada activo para o que solicita a presente axuda, a amortización anual que aplicará, para o período considerado.

En caso de ser necesaria a reposición dalgún activo para o que se solicita a presente axuda, por finalizar a súa vida útil, consignaranse os importes correspondentes á amortización do activo repostado na fila 124, que detraerán amortización da 123. Explicar na memoria.

IV.2. Distribución anual da amortización do resto de activos (€)

Neste cadro, deberán consignarse os datos relativos á amortización dos activos de investimento da infraestrutura que non sexan obxecto da presente axuda (referidos como tipos 3 e 4 ao comezo da sección):

- “tipo 3”: Amortizacións non computables a efectos da axuda - Amortización doutros activos para os que se van a solicitar outras axudas ao investimento: Deberá reflectirse o importe total anual da amortización asociada aos activos para os que se van a solicitar outras axudas ao investimento
- “tipo 4”: Amortizacións computables a efectos da axuda - Amortización de activos para os que non se vai a solicitar ningunha axuda ao investimento: Deberá reflectirse o importe total anual da amortización asociada aos activos para os que non se vai a solicitar ningunha axuda ao investimento

IV.3. Cadro resumen amortización total (€)

Este cadro mostrará un resumo das amortizacións da infraestrutura, separadas para cada un dos conceptos detallados nas táboas anteriores. O solicitante non deberá cubrir ningún dato

V. Valor residual dos activos cuxo período de amortización exceda os 10 anos

O solicitante detallará, para cada activo que supere o período de amortización de 10 anos:

- A vida útil total de cada activo (anos)
- A vida útil a partir do último ano do modelo (anos)
- O valor residual do activo a partir do último ano do modelo (euros). Este valor debe calcularse como o valor neto dos fluxos de efectivo nos anos de vida útil restantes do investimento, de xeito que o efecto sexa similar ao resultante dun cadro que tivera en conta máis anos do plan de negocio.

A memoria debe detallar a metodoloxía utilizada para estes cálculos.

VI. Composición da sociedade: Desagregación da participación dos socios

Primeira táboa: O solicitante detallará, para cada socio que forma parte da sociedade, a súa denominación (nome ou razón social), o importe en euros da súa achega ao capital social e a súa porcentaxe de participación neste capital social.

Segunda táboa: Deben especificarse as diversas aportacións ao proxecto, sexan mediante achegas ao capital social ou outras.

Téñase en conta que, mediante os correspondentes acordos societarios, a achega de cada socio non ten por que coincidir coa súa participación.

As aportacións serán realizadas, con carácter xeral, aos fondos propios da sociedade xestora da infraestrutura, se ben as aportacións ao proxecto poderán ser en forma de recursos propios ou externo. Ver artigo 4.1.b: *“Que acheguen para o proxecto de infraestrutura unha contribución financeira exenta de calquera tipo de apoio público de polo menos un 20 % dos investimentos subvencionables, sexa mediante recursos propios ou mediante financiamento externo”*,

2. MODELO DE INGRESOS

O solicitante deberá cubrir:

Previsión anual da demanda (nº de unidades) para cada un dos produtos ou servizos a comercializar, detallándose en liña independente para cada produto/servizo. **Deben cambiarse as descrições de produto.**

Modelo de prezos, detallando o prezo previsto anual (€) para cada un dos produtos ou servizos, detallándose en liña independente para cada produto/servizo.

No caso de que as vendas estean suxeitas a bonificacións ou outras reducións, introducíranse os importes en euros, en liña independente para cada produto/servizo.

A partir destes datos, calcularase o importe neto da cifra de negocio, como produto do volume de demanda polo prezo, deducindo as reducións sobre as vendas, para cada produto/servizo. No caso de que se engadiran produtos ou servizos, deben axustarse as fórmulas do mesmo xeito.

Debe explicarse na memoria a orixe destas cifras e a súa adecuación a prezos de mercado.

3. CONTA DE RESULTADOS

O solicitante deberá cubrir o modelo cos datos da Conta de Perdas e Ganancias da actividade económica asociada ao investimento para a que se solicita subvención. É **importante** explicar na memoria a orixe das cifras, de xeito que quede acreditado que constitúen unha previsión realista e baseada en prezos de mercado.

É importante ter en conta que se está utilizando unha simplificación do Plan Xeral de Contabilidade. Pódense engadir outras partidas para aclarar aspectos importantes do proxecto, tendo a cautela de actualizar as fórmulas en consonancia.

- **Importe neto da cifra de negocio.** Este importe actualizarase automaticamente a partir dos datos consignados na pestana "Modelo de ingresos".
- **Outros ingresos de explotación (salvo a periodificación da subvención).** Computaranse neste epígrafe os importes anuais correspondentes á suma das seguintes partidas contables:
 - o Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación
 - o Traballos realizados pola empresa para o seu activo
 - o Outros ingresos de explotación: Ingresos accesorios e outros de xestión corrente
 - o Outros ingresos de explotación: Subvencións de explotación incorporadas ao resultado do período (sen incluír a actual).
- **Periodificación da subvención.** Computaranse neste epígrafe os importes anuais correspondentes á periodificación da subvención concedida como resultado deste procedemento de axuda. A periodificación da subvención debe levarse a cabo segundo criterios contables.
(este epígrafe é unha división do anterior, que se individualiza para facer máis tarde o cálculo da subvención).
- **Aprovisionamentos.** Computaranse neste epígrafe os importes anuais correspondentes á partida contable "aprovisionamentos", suma dos seguintes elementos:
 - o Consumo de mercancías
 - o Consumo de materias primas e outras materias consumibles
 - o Traballos realizados por outras empresas
 - o Deterioro de mercancías, materias primas e outros provisionamentos
- **Gastos de persoal.** Computaranse neste epígrafe os importes anuais correspondentes á partida contable "gastos de persoal", suma dos seguintes elementos:
 - o Soldos, salarios e asimilados
 - o Cargas sociais
 - o Provisionamentos

- **Servizos exteriores.** Computaranse neste epígrafe os importes anuais correspondentes á partida de servizos exteriores
- **Outros gastos de explotación.** Computaranse neste epígrafe os importes anuais correspondentes ás partidas de gastos de explotación non contidas nos epígrafes "aprovisionamentos", "gastos de persoal" e servizos exteriores" contendo:
 - o Tributos
 - o Perdas, deterioración e variación de provisións por operacións comerciais
 - o Outros gastos de xestión corrente
- **Amortización do inmovilizado.** Este importe calcularase automaticamente a partir dos datos consignados na pestana "Plan de investimento"
 - o Amortizacións non computables a efectos da axuda- Amortización de activos para os que se solicita a presente axuda, e que polo tanto **non poden** ser considerados na conta de perdas e ganancias a efectos da axuda, para evitar dobre subvención.
 - o Amortizacións computables a efectos da axuda- Reposición de activos para os que se solicita a presente axuda.
 - o Amortizacións non computables a efectos da axuda - Amortización doutros activos para os que se van a solicitar outras axudas ao investimento, e que polo tanto **non poden** ser considerados na conta de perdas e ganancias a efectos da axuda, para evitar dobre subvención.
 - o Amortizacións computables a efectos da axuda - Amortización de activos para os que non se vai a solicitar ningunha axuda ao investimento.
- **Outras partidas do inmovilizado.** Computaranse neste epígrafe os importes anuais correspondentes ao resto de partidas de inmovilizado adicionais ás amortizacións, tales como:
 - o Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras
 - o Excesos de provisións
 - o Deterioro e resultados por alleamentos do inmovilizado (deterioros e perdas e resultados por alleamentos e outras)

No caso de que os importes sexan negativos, estes consignaranse con signo negativo

- **Resultado de explotación.** Este importe calcularase automaticamente a partir dos datos consignados previamente
- **Ingresos financeiros.** Computaranse neste epígrafe os importes anuais correspondentes aos ingresos financeiros
- **Gastos financeiros.** Computaranse neste epígrafe os importes anuais correspondentes aos gastos financeiros
- **Outras partidas financeiras.** Computarase os importes anuais correspondentes a outras partidas financeiras tales como:
 - o Variación de valor en instrumentos financeiros
 - o Diferenzas de cambio
 - o Deterioro e resultado por alleamentos de instrumentos financeiros

No caso de que os importes sexan negativos, estes consignaranse con signo negativo

Neste momento, a folla de cálculo ofrecerá os seguintes resultados, de forma indicativa para permitir a comprobación do plan: resultado financeiro, resultado antes de impostos, Imposto

sobre beneficios e resultado do período. Estas son as magnitudes habituais da conta de perdas e ganancias. Sen embargo, a efectos do cálculo da subvención o modelo calcula as seguintes:

- No caso de que existan activos cuxo período de amortización exceda os 10 anos, computarase a efectos de beneficio de explotación o Valor Neto Actual dos fluxos de efectivo do valor residual dos mesmos.
- O “Beneficio de explotación total a efectos da axuda” calcúlase de acordo coas bases reguladoras para os primeiros 10 anos, e áchase o Valor Neto Actual do mesmo. Establécese o control de que a suma de beneficios de explotación non sexa negativa, nese caso non se computará devandito “beneficio negativo”, posto que podería levar á asignación dunha axuda superior ao investimento.
- Contía máxima da axuda: calcúlase coma o investimento menos as dúas magnitudes anteriores.

4. HIPÓTESES E SUPOSTOS

Esta pestana recolle unha serie de datos que o solicitante deberá ter en conta á hora de realizar os cálculos solicitados relativos ao modelo de ingresos, conta de resultados e plan de investimentos.

Só en casos concretos deberán modificarse campos coma o IVE/IVE (tipo porcentual), indicando a porcentaxe aplicable en función da actividade económica da futura infraestrutura e outros.